

Rematados os trámites previstos no Regulamento de Mobilidade de PAS funcionario, aprobado no CG do 30 de outubro de 2020, e de conformidade co previsto no artigo 23 do dito Regulamento, o xerente, no exercicio das competencias delegadas que se lle recoñecen por resolución reitoral do 21 de abril de 2022 (DOG do 26 de abril) modificada pola resolución reitoral do 26 de setembro de 2023 (DOG do 5 de outubro), resolve:

Publicar a motivación para a adxudicación do posto ofertado por resolución do día 8 de maio de 2025 para a súa provisión en comisión de servizos.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela
O xerente,
Antonio Javier Ferreira Fernández
(Sinatura dixital)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 23/05/2025 10:19:54.

CSV: 5861-1B01-473A-9C96